

## Práctica 2: Moodle


### Traballando no meu curso

Co usuario con perfil profesor que estabas a empregar na práctica 1, accede ao teu curso e realiza as seguintes operacións:

- Cambia a etiqueta *Tema 1* a **1-Introdución ao Moodle**
- Engade neste primeiro tema un Foro, cos parámetros que aparecen na imaxe:
  - Nome: **Foro dúbidas do tema**
  - Descrición: **Calquera cuestión que non entendas do tema actual podes preguntala aquí.**
  - Tipo de foro: **Foro estándar para uso xeral**
- Engade un recurso ficheiro, que configurarás coas seguintes características:
  - Nome: **Pasos básicos con Moodle**
  - Descrición: Aquí atoparás os primeiros pasos para traballar con Moodle
  - En contido debes subir un o ficheiro pdf proporcionado por o profesor chamado : *Introduccion\_ao\_Moodle.pdf*
  - Que se abra nunha xanela emerxente.
- Tabula unha posición á dereita o recurso anterior.
- Engade un novo recurso “URL” configurado do seguinte xeito:
  - Nome: **Aula Aberta Abalar**
  - Descrición: **Toda a información que poidas precisar para traballar con equipamento Abalar e de Kits Dixitais.**
  - URL externo: <http://www.edu.xunta.es/centros/abalar/aulavirtual/>
  - Apariencia, presentar de xeito **Incrustado**
- Engade unha actividade de tipo tarefa configurada do seguinte xeito:
  - Nome: **Conceptos de Moodle.**
  - Descrición: Define os seguintes conceptos: **LMS, recurso, actividade.**
  - Permitir entregas durante unha semana dende a data actual
  - Que non permita entregas fóra de prazo.
  - Tipo de entrega “**Texto en liña**”


■ Configuración de Entregas: **“Requirir que os alumnos preman no botón de entrega”**

- Tabula unha dúas posicións á dereita o recurso anterior, e que apareza oculto
- Oculta os temas 2, 3, e 4
- Preme no botón “Desactivar edición”
- Muda o papel a “alumno” e mira como queda o curso que acabas de configurar, debe ser semellante a imaxe seguinte:




Integrando o recurso construído con *eXeLearning* no noso curso, para o que debemos seguir os seguintes pasos:

- No curso actual no que estamos a traballar preme o botón **“Activar Edición”**
- Sitúate ao final do tema e preme en **“Engadir unha actividade ou un recurso”**
- Selecciona a actividade **“Paquete SCORM”**
- Configúrao cos parámetros que aparecen na seguinte imaxe:



- En “ficheiro de paquete” arrastra o arquivo ***Practica\_eXe.zip***



- O resto de parámetros deíxaos como aparecen por defecto.
- Desactiva edición no teu curso e comproba o que acontece ao premer no recurso engadido.